



DATOS IDENTIFICATIVOS

Historia antiga do noroeste da Península Ibérica

Materia	Historia antiga do noroeste da Península Ibérica			
Código	002G251V01905			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Reboreda Morillo, Susana María			
Profesorado				
Correo-e				
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	Coñecemento dos fundamentos básicos, principais acontecementos e procesos xerais de cambio acaecidos na sociedade do noroeste da Península Ibérica na idade antiga			

Competencias

Código	
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
C12	Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado
C19	Coñecemento da historia nacional propia
D3	Capacidade de organización e planificación
D4	Comunicación oral e escrita no idioma propio
D7	Capacidade de razoamento crítico

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Análise crítica das tradicións historiográficas sobre temas controvertidos ou de interese	C12 C19	D7
Coñecemento da Historia, Historia da Arte e Xeografía de Galicia nunha perspectiva comparada	A5 C19	
Elaboración e presentación, oral e escrita, dos traballos monográficos, individuais ou colectivos, baseados en fontes e bibliografía específicas	A4	D3 D7
Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso das fontes e das interpretacións historiográficas	C19	D4 D7

Contidos

Tema	
Introdución. Fontes de estudo da Historia Antiga do Noroeste e os Primeiros contactos co mundo mediterráneo.	a. As referencias materiais. b. As referencias textuais.
Tema 1. A Conquista do Noroeste	1.a. As guerras cántabras e as súas consecuencias.
Tema 2. A "romanización" do Noroeste	2.a. A administración 2.b. A ordenación do territorio 2.c. A explotación económica

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	2	3
Lección maxistral	14	20	34
Presentacións/exposicións	6	20	26
Traballo tutelado	10	30	40
Eventos docentes y/o divulgativos	2	0	2
Seminario	6	6	12
Titoría en grupo	6	6	12
Probas de resposta curta	2	6	8
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	2	8	10
Probas de autoavaliación	1	2	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	TODO O ALUMNADO: Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o coñecemento previo do alumnado, así como a presentar a materia. ALUMNADO PRESENCIAL: Actividades na aula ALUMNADO SEMIPRESENCIAL: Actividades a través da plataforma FaiTic ou e-Meeting
Lección maxistral	TODO O ALUMNADO: O material docente empregado na aula será subido con antelación á plataforma de teledocencia, así como outros documentos con contidos teóricos que faciliten a comprensión do temario impartido. ALUMNADO PRESENCIAL: Exposición por parte do profesorado das claves fundamentais de cada un dos bloques temáticos.
Presentacións/exposicións	TODO O ALUMNADO A exposición do traballo individual terá 20 minutos de duración máxima. Este traballo terá un seguimento constante por parte da docente quen marcará as pautas durante a súa elaboración. Moi importante a capacidade de síntese, expresión oral e soportes empregados. ALUMNADO PRESENCIAL: Exposicións na aula ALUMNADO SEMIPRESENCIAL: Exposicións a través da plataforma FaiTic ou e-Meeting
Traballo tutelado	TODO O ALUMNADO: Traballos realizados de xeito individual, orientados ao manexo de instrumentos de recompilación de información e de distintas fontes coas que se elabora a historia antiga. A asignación de traballos deberá quedar resolta no primeiro mes do cuadrimestre.
Eventos docentes y/o divulgativos	TODO O ALUMNADO Horas reservadas para a asistencia a actividades de temática transversal organizadas dende o Departamento de Historia, Arte e Xeografía e a Facultade de Historia.
Seminario	TODO O ALUMNADO: Actividades enfocadas ao traballo sobre un tema específico, que permiten afondar ou completar os contidos da materia. Pódense empregar como complemento das clases teóricas. ALUMNADO PRESENCIAL: Actividades na aula. ALUMNADO SEMIPRESENCIAL: Actividades a través da plataforma FaiTic ou e-Meeting
Titoría en grupo	TODO O ALUMNADO: Sesións orientadas ao seguimento e orientación sobre o estudo de contidos, preparación das actividades e probas de avaliación e á aclaración das diversas dúbidas que vaian xurdindo sobre aspectos da materia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Seguimento individualizado das actividades orientadas á resolución dos traballos realizados polo alumnado. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: TODO O ALUMNADO: Curso virtual na plataforma de Teledocencia (Moodle, FaiTic, UVigo) e correo electrónico. ALUMNADO PRESENCIAL: seguimento nas aulas.
Titoría en grupo	Aclaración de dúbidas sobre a materia, tanto dos aspectos teóricos como daqueles relacionados co seminario, traballos tutorizados individualmente ou en grupo. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: TODO O ALUMNADO: Curso virtual na plataforma de Teledocencia (Moodle, FaiTic, UVigo) e correo electrónico. ALUMNADO PRESENCIAL: seguimento nas aulas. ALUMNADO SEMIPRESENCIAL: aula e-meeting (enlace FaiTic).

Presentacións/exposicións Previo á presentación, se se precisa, poderase asesorar sobre a maneira máis adecuada de levar a cabo a presentación. A atención realizarase a través dos seguintes recursos: TODO O ALUMNADO: Curso virtual na plataforma de Teledocencia (Moodle, FaiTic, UVigo) e correo electrónico. ALUMNADO PRESENCIAL: seguimento nas aulas. ALUMNADO SEMIPRESENCIAL: aula e-meeting (enlace FaiTic).

Avaliación					
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Lección maxistral	Realizaránse por escrito preguntas concretas sobre a temática exposta na aula, tanto de carácter teórico como práctico, que deberán resolverse manifestando, a maiores do coñecemento, a capacidade de expresión escrita na lingua propia. Os resultados de aprendizaxe avaliados serán: Coñecemento da Historia, Historia da Arte e Xeografía de Galicia nunha perspectiva comparada	10	A5	C19	
Presentacións/exposicións	Un traballo individual sobre un aspecto da sociedades, relixión ou economía da Gallaecia romana. A exposición terá 20 minutos de duración máxima. Este traballo terá un seguimento constante por parte da docente quen marcará as pautas durante a súa elaboración. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Análise crítica das tradicións historiográficas sobre temas controvertidos ou de interese xeral. Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso das fontes e das interpretacións historiográficas.	10		C12 C19	D4 D7
Traballo tutelado	Un traballo individual sobre un aspecto da sociedades, relixión ou economía da Gallaecia romana. A exposición terá 20 minutos de duración máxima. Este traballo terá un seguimento constante por parte da docente quen marcará as pautas durante a súa elaboración. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Elaboración e presentación, oral e escrita, dos traballos monográficos, individuais ou colectivos, baseados en fontes e bibliografía específicas. Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso das fontes e das interpretacións historiográficas.	10	A4	C19	D3 D7
Seminario	TODO O ALUMNADO: Análise e comentarios críticos das fontes que proporcionan o coñecemento da Historia Antiga: textos, iconografía e material arqueolóxico. Poderá complirse cun análise crítico dalgún documental visionado na aula e subido á plataforma. Con elo dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso das fontes históricas e das interpretacións historiográficas.	10		C19	D4 D7
Probas de resposta curta	Versarán sobre contidos teóricos moi específicos; terase en conta a interpretación correcta da información xeográfica dos sistemas territoriais. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Análise crítico das tradicións historiográficas sobre temas controvertidos ou de interese xeral. Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso das fontes e das interpretacións historiográficas.	20		C12 C19	D4 D7
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	As probas referiranse as sesións maxistras, e dicir, aos contidos teóricos explicados na aula. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Análise crítica das tradicións historiográficas sobre temas controvertidos ou de interese xeral. Coñecemento da Historia, Historia da Arte e Xeografía de Galicia nunha perspectiva comparada.	30		C12 C19	D4 D7
Probas de autoavaliación	Valoración do traballo autónomo do alumnado mediante a realización de cuestionarios sobre os contidos da materia a través de Moodle. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Coñecemento da Historia, Historia da Arte e Xeografía de Galicia nunha perspectiva comparada	10	A5	C19	

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para superar a materia é necesario obter nas probas de respostas (curta, longa, sesión maxistral) alomenos un 5 sobre 10.

Todos/as estudantes matriculados na materia teñen dereito a ser avaliados mediante un exame final (artigo 12 do Regulamento de Estudantes da Universidade de Vigo) que consistira nunha proba escrita con tres apartados: mapas mudos, preguntas curras e cuestións de desenvolvemento que suporá un 60% da cualificación. Un 20% estará constituido pola entrega das prácticas preestablecidas e un 20% dun traballo escrito sobre a sociedade, relixión ou economía da Gallaecia antiga.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Arias Vilas, F., **A romanización de Galicia**, O Castro, 1992

Bermejo Barrera, J.C., **Sociedade e relixión na Galicia antiga**, Lóstrego, 2008

Carballo Arceo, X., **Arqueoloxía de Galicia**, Nigratrea,

Fernández Ochoa, C., **Roma y la conquista del NW peninsular**, La nueva España, 1990

Naveiro López, J., **El comercio antiguo en el NW peninsular: lectura histórica del registro arqueológico**, Museo Arqueológico e Histórico, 1991

Naveiro López, J., Pérez Losada, F., **Un Finisterre atlántico en época romana: la costa Gallaica (NW de la Península Ibérica)**, BAR Internacional Series 5575, 1992

Núñez García, O., **Gallaecia christiana. De los antiguos cultos a la nueva religión (ss. I-IV)**, Andavira, 2010

Pérez Losada, F. (), **Entre a cidade e a aldea: estudio arqueohistórico dos aglomerados secundarios romanos en Galicia**, Brigantium, Vol 13, 2002

Romero Masiá, A., Pose Mesura, X.M., **Galicia nos textos clásicos**, Padroado do Museo Arqueológico Provincial, 1988

Suárez Piñeiro, A.M., **A romanización en Galicia**, Toxosoutos, 2009

Bibliografía Complementaria

Blázquez Cerrato, C., **Vías de comunicación y circulación monetaria en la Meseta Norte y el Noroeste**, Fernández Ochoa, C. y García Díaz, P., 2005

Caamaño Gesto, J.M., Fernández Rodríguez, C., **Excavaciones en el campamento de Ciudadela (A Coruña)**, Brigantium, 12, 2000

Campomanes, E., **Excavaciones arqueológicas en la plaza Mayor de León**, Promonumenta 4, 2000

González Soutelo, S., **El valor del agua en el mundo antiguo. Sistemas hidráulicos y aguas mineromedicinales en la Galicia romana**, Fundación Barrié de la Maza, 2011

Matías Rodríguez, R., **La minería aurífera romana del Noroeste de Hispania: Ingeniería minera y gestión de las explotaciones auríferas romanas en la Siera del Teleno (León, España)**, III Congreso de las Obras públicas romanas, 2006

Morillo Cerdán, A., **Asentamientos militares y civiles en el origen del fenómeno urbano en el N y NE peninsulares**, Congreso Internacional sobre los Orígenes de la ci, 1999

Pereira Menaut, G. (dir), **Corpus de inscripciones romanas de Galicia**, Consello da Cultura Galega, 1991.-

Rodríguez Colmenero, A (ed.), **Congreso Internacional sobre los Orígenes de la ciudad en el NW hispánico**, 1998

Suárez Piñeiro, A. M., **A vida cotiá na Galicia romana**, Lóstrego, 2006

Recomendacións

Outros comentarios

Ao longo do curso entregárase documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades. Esta información será ofrecida a través dos cursos Moodle da plataforma TEM@, polo que todos os alumnos/as deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.